



INSTRUCCIÓN FINAIS DO PROGRAMA PROA 2010/2011

(MODALIDADE ACOMPAÑAMENTO)

As actividades do programa rematarán, tal e como estaba previsto, a finais do mes de maio. O profesorado contratado para desenvolver o acompañamento deberá permanecer no centro durante o mes de xuño, coa oportuna reorganización do seu horario, colaborando na elaboración da memoria e na cumprimentación das enquisas de avaliación.

MEMORIA

Os centros participantes na modalidade de acompañamento deberán enviar, antes do 30 de xuño, á Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, unha memoria na que, alomenos, se recollan os seguintes aspectos:

1.-Datos: grupos que funcionaron, horarios, profesorado que o levou a cabo (incluíndo a persoa coordinadora), incidencias (altas e baixas de alumnado, altas e baixas de profesorado), orzamento do programa.

2.-Incidencia do programa. Análise da repercusión do programa no alumnado (motivación, mellora nas materias instrumentais, índice de aprobados, mellora na inclusión no grupo-clase, ...), nas familias (participación no programa, participación no centro, interese, visitas...) e no centro (titorías, orientación ...).

3.-Coordinación. Descrición dos mecanismos que se artellaron para levar a cabo accións coordinadas dentro do funcionamento do programa.

4.- Materiais empregados no desenvolvemento das actividades, tanto os xa existentes como os que se elaboraron ou adaptaron no centro especificamente para o programa. Deberase achegar unha listaxe do material empregado que fora de utilidade para o desenvolvemento do programa. Nesta relación farase constar:

4.1.-Material bibliográfico e impreso (axuntar listaxe bibliográfica ou arquivos).

4.2.-Material web e en formato dixital (axuntar ligazóns).

4.3.-Material de elaboración propia (axuntar arquivos).

5.-Dificultades atopadas para desenvolver o programa.

6.- Propostas de mellora.



Achegamos un modelo de protocolo deste documento, en formato word, para cumprimentar, no que se reflicten todos estes apartados ademais dos datos identificativos básicos para a xestión e que conta cos logos oficiais que deben aparecer na documentación do programa.

A memoria debe ser enviada en copia impresa e co visto e prace da dirección do centro á:

**Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa
Servizo de Ordenación, Innovación e Orientación Educativa
Programa PROA
Edificio administrativo San Caetano s/n, bloque 2, 2º andar
15781 Santiago de Compostela**

Remitirase tamén unha copia por correo electrónico ao enderezo:
proa@edu.xunta.es

ENQUISAS DE AVALIACIÓN

Un dos requisitos de obrigado cumprimento para a participación no programa é **a cumprimentación das enquisas elaboradas polo Ministerio de Educación.**

A dirección de acceso ás enquisas de avaliación do Plan Proa do curso 2010-2011 para todos: alumnos, pais, titores, monitor, xefes de departamento, orientadores, salvo coordinadores e equipos directivos, é:
<http://eos.cnice.mec.es/proa>

Como o ano pasado, para as enquisas de coordinadores e equipos directivos o acceso é: <http://eos.cnice.mec.es/proa/coord>

A partir de agora están activas as dúas páxinas WEB para poder contestar ás enquisas. Cada centro só pode contestar ás enquisas do programa que desenvolve. Fíxose así como en anos anteriores, porque moitos dos centros que eran do programa de apoio e reforzo, contestaban ao de acompañamento e este programa é só unha das liñas de actuación

Como o ano pasado, as enquisas dos coordinadores e equipos directivos teñen dúas características:

1.- Como só se permite unha resposta por centro, se un día contestase á enquisa parcialmente, aparecerán gravadas as respostas dadas anteriormente cando se retome de novo o cuestionario. Isto é moi importante xa que axudará a responder de forma máis precisa e tamén servirá para os que teñan que responder en setembro ou outubro cando xa teñan os datos de resultados académicos. Ademais pódese modificar o contestado anteriormente e só quedará gravada a última resposta.

2.- Outra característica é que como o número de alumnos que promocionan máis os que non promocionan máis os que abandonan ten que ser igual aos que se matricularon, se non é así, o programa avisa de que pode haber un



erro. E tamén avisa cando o número dos que promocionan non é igual á suma dos que promocionan sen ningunha materia, máis os que teñen unha ou dúas..... Isto é para evitar que se rexeiten moitos datos por ser respostas incongruentes.

O prazo de resposta das enquisas de avaliación será ata o día 30 de xuño de 2011. A dos coordinadores e equipos directivos de educación secundaria será ata o **15 de outubro de 2011.**

DOCUMENTACIÓN

Lembramos de novo a obriga de conservar a documentación da xestión do programa PROA, xa que como calquera outro cofinanciado polo Fondo Social Europeo pode ser obxecto de auditoría.

Máis información

Para calquera dúbida ou aclaración:

Manuel Costa 881997096 proa@edu.xunta.es

Santiago, a 24 de maio de 2011.

O Subdirector Xeral de Ordenación e Innovación Educativa e Formación do Profesorado



Asdo.: Manuel Vila López